

LA DESCONOCIDA

Pablo Maqueda, 2023

1121

ESTREA EN NUMAX: 09.06.2023 | V.O. | +16 | 88 min

Carolina (Laia Manzanares) é unha moza inxenua e encantadora que coñece a Leo (Manolo Solo) a través dun chat. El é un home adulto que se fai pasar por un mozo de 16 anos e, enganándoa, consegue quedar con ela nun afastado parque da cidade. Pero a medida que Leo coñece a Carolina empeza a sospeitar que quizais ela non é tan inocente e inofensiva como aparenta.

«Brillante, incómodo e irresistible»

Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Paco Bezerra e Pablo Maqueda: «Estamos máis conectados que nunca pero as nosas relacións son baleiras, superficiais»

Por Eduardo Parra

La desconocida non deixa indiferente ao espectador. Era esa a intención desde o comezo? Paco Bezerra: O obxectivo é que o filme empece cando acaba para que o espectador teña que facerse moitas preguntas.

Pablo Maqueda: E eramos conscientes de que o tema incomodaba, pero non nos daba medo. Acostumámonos a un cinema que nos dá a razón e no que xustificamos as nosas propias conviccións a través dos personaxes que vemos. Nós queriamos afondar na condición humana, no escuro que reside en nós e presentar preguntas ao espectador, que é alguén intelixente, para que dialogase co filme. Eu non veño a dulcificar nada, veño a poñer un espello. Esta realidade está ocorrendo e neste parque onde estás gozando da túa vida quizais a escasos metros está pasando algo terrorífico.

La desconocida parte de Grooming, unha obra de teatro escrita por vostede, Paco. Que se perde e que se gaña cando un converte en filme unha obra así?

P.B.: Menos é máis sempre. O que pasa é que o cinema é máis ilustrativo que o teatro. Gañáronse cousas no filme, á vez que se perderon outras, pero é un sacrificio. A miña función foi a dunha especie de policía dramaturxal para que no transvase ao cinematográfico, permanecese a esencia da obra o máximo posible.

P. M.: A obra de teatro era perfecta: dous personaxes, unhas miradas, un texto e un parque. Cando a vin, quedeime totalmente atrapado. Vin as caras absortas do público e souben que había un filme. Adaptala foi un proceso moi intenso, tiñamos bastante medo, por iso tardamos dous anos en facelo. Sempre tivemos claro que non queriamos facer un filme da obra, non queriamos facer teatro filmado, senón que o filme partise da obra para construír algo diferente. Ese foi un dos principais retos que afrontamos neste proceso.

A nosa esencia está na nosa parte máis escura? P. B.: Hai unha frase do filme: “Da merda moi pouca xente fala, pero todos a levamos dentro”. O filme fala de como todos escondemos segredos, de que todos temos un lado escuro. Ultimamente hai poucos espazos onde falar dos tabús e a sexualidade e eu sempre crin que o cinema e o teatro son lugares perfectos para facelo.

P. M.: Internet interésame, pero sobre todo por como cambiou as nosas vidas para mal. Estamos máis conectados que nunca pero as nosas relacións son baleiras, superficiais. Ademais, converteuse nun campo salvaxe para depredadores nunha sociedade que permite que unha nena de 15 anos sexa unha presa fácil para calquera agresor.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Los reyes de la casa,
Delphine de Vigan.
Anagrama, 2022

Cara de pan,
Sara Mesa.
Anagrama, 2018